| 3  | NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.   | 11,50 | 6,00                      | 7,00                                      | 11,00                               | 35,50 |
| 4  | CONSTRUCCIONES IGLESIAS<br>MERA, S.L.   | 12,00 | 5,50                      | 6,50                                      | 11,00                               | 35,00 |
| 5  | ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.  | 9,50  | 5,50                      | 8,50                                      | 8,50                                | 32,00 |
| 6  | FONSÁN GESTIÓN Y<br>CONSTRUCCIÓN, S.L.  | 11,50 | 4,50                      | 7,50                                      | 8,00                                | 31,50 |
| 7  | PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.   | 7,00  | 4,00                      | 8,50                                      | 11,50                               | 31,00 |
| 8  | UTE ENTRE ARINES OBRAS Y<br>PROYECTOS, S.L. E<br>CONSTRUCCIONES PONCIANO<br>NIETO, S.L. | 11,50 | 5,00                      | 7,50                                      | 6,50                                | 30,50 |
| 9  | TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.   | 6,25  | 5,50                      | 9,00                                      | 9,00                                | 29,75 |
| 10 | COPCISA, S.A.   | 7,00  | 4,50                      | 7,50                                      | 10,00                               | 29,00 |
| 11 | CONSTRUCCIONES LEONARDO<br>MIGUÉLEZ, S.L.   | 7,00  | 5,00                      | 8,50                                      | 8,00                                | 28,50 |
| 12 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS,   | 5,00  | 5,00                      | 8,00                                      | 9,00                                | 27,00 |
| 13 | CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L.  | 5,50  | 4,50                      | 7,00                                      | 9,00                                | 26,00 |
| 14 | UTE ENTRE CETA CONTRATAS, S.L.<br>E OBRAS Y CONSTRUCCIONES<br>DIOS, S.A.                | 8,00  | 4,00                      | 7,00                                      | 7,00                                | 26,00 |
| 15 | MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y<br>CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.                                 | 6,50  | 4,00                      | 7,00                                      | 8,50                                | 26,00 |
| 16 | EULOGIO VIÑAL OBRAS Y<br>CONSTRUCCIONES, S.A.   | 5,75  | 5,00                      | 5,50                                      | 9,00                                | 25,25 |
| 17 | PROYECON GALICIA, S.A.  | 6,50  | 3,00                      | 9,00                                      | 5,00                                | 23,50 |
| 18 | ALVAC, S.A.   | 6,50  | 4,50                      | 7,00                                      | 5,00                                | 23,00 |
| 19 | CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL,<br>S.L.  | 4,50  | 4,00                      | 7,00                                      | 6,00                                | 21,50 |
| 20 | OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.   | 0,00  | 5,00                      | 4,80                                      | 6,60                                | 16,40 |

A Mesa de Contratación, acto seguido, e xa en acto público, fixo público o resultado anteriormente detallado, procedendo a continuación á apertura dos sobres "C" (de oferta económica, redución do prazo de execución, porcentaxe do control de calidade externo e porcentaxe de control de calidade interno) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, dando o resultado seguinte:

| LICITADORES                      | VALOR<br>ESTIMADO<br>(IVE excluído) | PRAZO DE<br>EXECUCIÓN<br>(días<br>naturais) | % DE<br>CONTROL DE<br>CALIDADE<br>INTERNO | % DE<br>CONTROL DE<br>CALIDADE<br>EXTERNO |
|----------------------------------|-------------------------------------|---|---|---|
| Ovisa Pavimentos y Obras, S.L.U. | 654.100,00 €                        | 182   | 2,03                                      | 3,00                                      |
| Tarrío y Suárez, S.L.-           | 660.122,32 €                        | 180   | 2,00                                      | 3,00                                      |
| Construccións Fermín Simal, S.L. | 720.000,00 €                        | 210   | 3,00                                      | 3,00                                      |
| Construcciones Oñial, S.L.       | 702.000,00 €                        | 120   | 1,75                                      | 3,00                                      |





|  |              |     |       |      |
|--|--------------|-----|-------|------|
| Acciona Construcción, S.A.   | 660.287,35 € | 120 | 10,00 | 3,00 |
| Nemesio Ordóñez, S.A.  | 649.147,78 € | 119 | 12,00 | 3,00 |
| Canarga, S.L.  | 579.669,42 € | 165 | 15,00 | 3,00 |
| Construcciones Iglesias Mera, S.L.   | 674.397,46 € | 180 | 20,00 | 3,00 |
| Fonsan Gestión y Construcción, S.L.  | 572.002,75 € | 138 | 15,00 | 3,00 |
| Ogmios Proyecto, S.L.  | 655.458,42 € | 165 | 5,00  | 3,00 |
| Prace Servicios y Obras, S.A.  | 614.903,94 € | 180 | 5,00  | 3,00 |
| Copcisa, S.A.  | 629.014,06 € | 97  | 8,00  | 3,00 |
| Eulogio Viñal Obras y Construcciones,  | 573.068,68 € | 105 | 15,00 | 3,00 |
| Movimiento de Áridos y<br>Construcciones de Arosa, S.L.                              | 667.143,86 € | 180 | 10,00 | 3,00 |
| Obras y Viales de Galicia, S.L.  | 664.809,92 € | 160 | 10,00 | 3,00 |
| Proyecon Galicia, S.A.   | 618.885,00 € | 150 | 5,00  | 2,00 |
| Construcciones Leonardo Miguelez,  | 617.379,00 € | 135 | 5,00  | 3,00 |
| UTE entre Ceta Contratas, S.L. e Obras<br>y Construcciones Dios, S.A.                | 654.776,31 € | 180 | 2,00  | 4,00 |
| UTE entre Arines Obras y Proyectos,<br>S.L. e Construcciones Ponciano Nieto,<br>S.L. | 589.324,20 € | 135 | 14,11 | 3,00 |
| Alvac, S.A.  | 649.457,45 € | 150 | 1,00  | 3,00 |

Visto que, unha vez realizadas as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas económicas presentadas polos licitadores “Canarga, S.L.”, “Fonsan Gestión y Construcción, S.L.”, “Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.” e a UTE entre Arines Obras y Proyectos, S.L. e Construcciones Ponciano Nieto, S.L. deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación, na súa mesma reunión de data 29/01/2018, acordou requirir ós citados licitadores para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificasen as súas ofertas.

Dentro do prazo concedido as empresas “Canarga, S.L.” e “Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.” presentaron documentación para xustificar as súas respectivas ofertas económicas.

Non consta que presentasen documentación para xustificar as súas respectivas ofertas económicas os licitadores “Fonsan Gestión y Construcción, S.L.”, e a UTE entre Arines Obras y Proyectos, S.L. e Construcciones Ponciano Nieto, S.L.

Con data 14/02/2018 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “Reordenación da Avenida do Malecón e pavimentación da zona infantil do Parque García Bayón (Riveira)”*, no que conclúe que:

*“Na documentación presentada por Canarga, S.L. expón os motivos que a levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria, medios auxiliares e persoal de que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.*





*A documentación presentada por Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. non se considera suficiente para xustificar a súa oferta."*

*E segundo o exposto propón "aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Canarga, S.L. e excluír á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. do proceso de licitación".*

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos, vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación e vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 14/02/2018, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 15/02/2018, adoptou os seguintes acordos:

*PRIMEIRO.- Declarar excluída da licitación á empresa "Construcciones Cernadas, S.L." por canto no sobre "B" de criterios avaliábles mediante xuízos de valor (referencias técnicas) da súa oferta indica a redución de prazos ofertada, incumprindo polo tanto o disposto no parágrafo quinto da cláusula 12ª.2 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que indica que: "Calquera referencia neste sobre "B" da que poida deducirse a oferta presentada no sobre "C" do licitador, dará lugar á non admisión da mesma".*

*SEGUNDO.- Declarar excluídos ós licitadores "Fonsan Gestión y Construcción, S.L.", e á UTE entre Arines Obras y Proyectos, S.L. e Construcciones Ponciano Nieto, S.L., por non ter presentado documentación xustificativa das súas respectivas ofertas económicas.*

*TERCEIRO.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 14/02/2018 así como da documentación presentada polas empresas como xustificación das súas respectivas ofertas:*

- a. Considerar xustificada a oferta económica presentada por "Canarga , S.L."*
- b. Non considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa "Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A." excluíndoa, polo tanto, da licitación.*

*CUARTO.- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de "Reordenación da Avenida do Malecón e pavimentación da zona infantil do Parque García Bayón (Riveira)", do seguinte xeito:*

| Nº | LICITADORES           | PUNTUACIÓNS |                    |                             |                             |                  | TOTAL FINAL |
|----|-----------------------|-------------|--------------------|-----------------------------|-----------------------------|------------------|-------------|
|    |                       | Sobres "B"  | Sobres "C"         |                             |                             |                  |             |
|    |                       |             | Prazo de execución | Control interno de calidade | Control externo de calidade | Oferta económica |             |
| 1  | Canarga, S.L.         | 36,00       | 5,88               | 0,75                        | 9,00                        | 40,00            | 91,63       |
| 2  | Nemesio Ordóñez, S.A. | 35,50       | 8,15               | 0,60                        | 9,00                        | 35,72            | 88,97       |
| 3  | Ogmios Proyecto, S.L. | 36,50       | 5,88               | 0,25                        | 9,00                        | 35,37            | 87,00       |
| 4  | Copcisa, S.A.         | 29,00       | 10,00              | 0,40                        | 9,00                        | 36,86            | 85,26       |





|    |  |       |      |      |      |       |       |
|----|--|-------|------|------|------|-------|-------|
| 5  | Construcciones Iglesias Mera, S.L.                                 | 35,00 | 5,39 | 1,00 | 9,00 | 34,38 | 84,77 |
| 6  | Acciona Construcción, S.A.   | 32,00 | 8,08 | 0,50 | 9,00 | 35,12 | 84,70 |
| 7  | Construcciones Leonardo Miguelez, S.L.                             | 28,50 | 7,19 | 0,25 | 9,00 | 37,56 | 82,50 |
| 8  | Prace Servicios y Obras, S.A.                                      | 31,00 | 0,00 | 0,25 | 9,00 | 37,71 | 77,96 |
| 9  | Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.               | 26,00 | 5,39 | 0,50 | 9,00 | 34,76 | 75,65 |
| 10 | Tarrío y Suárez, S.L.  | 29,75 | 0,00 | 0,10 | 9,00 | 35,12 | 73,97 |
| 11 | Proyecon Galicia, S.A.   | 23,50 | 6,47 | 0,25 | 6,00 | 37,47 | 73,69 |
| 12 | Ovisa Pavimentos y Obras, S.L.U.                                   | 27,00 | 0,00 | 0,10 | 9,00 | 35,45 | 71,55 |
| 13 | UTE entre Ceta Contratas, S.L. y Obras y Construcciones Dios, S.A. | 26,00 | 0,00 | 0,10 | 9,00 | 35,41 | 70,51 |
| 14 | Construcciones Oñial, S.L.   | 26,00 | 0,00 | 0,09 | 9,00 | 33,03 | 68,12 |
| 15 | Alvac, S.A.  | 23,00 | 0,00 | 0,05 | 9,00 | 35,70 | 67,75 |
| 16 | Construccions Fermín Simal, S.L.                                   | 21,50 | 4,62 | 0,15 | 9,00 | 32,20 | 67,47 |
| 17 | Obras y Viales de Galicia, S.L.                                    | 16,40 | 6,06 | 0,50 | 9,00 | 34,88 | 66,84 |

QUINTO.- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a empresa "Canarga, S.L.", que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O citado acordo foi notificado á empresa requirida por medio de correo electrónico na data 16/02/2018

Dentro do prazo concedido a empresa "Canarga, S.L." presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 01/03/2018 co número 2.681. Entre a documentación inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 28/02/2018







(nº operación: 2018 33001338), polo aval do Afigal (R.E.A. 49.540), por importe de 28.983,47 euros, en concepto de fianza do contrato.

Consta no expediente certificado de débedas expedido polo tesoureiro municipal José Antonio Rueda de Valenzuela, de data 02/03/2018, acreditativo de que "Canarga, S.L." atópase ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Riveira.

Vista a proposta de contratación formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 06/02/2018.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 07/03/2018.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO**.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

**SEGUNDO**.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 15/02/2018, **adxudicar o contrato para realizar as obras do proxecto de "Reordenación da Avenida do Malecón e pavimentación da zona infantil do Parque García Bayón (Riveira)" á empresa "Canarga, S.L." (NIF número B15360902), nas seguintes condicións contractuais:**

a) Prezo total do contrato: 701.400,00 euros (Base: 579.669,42 euros; IVE 21%: 121.730,58 euros).

b) Porcentaxe destinada a control interno de calidade: 15% sobre o orzamento de execución material da obra.

c) Porcentaxe destinada a control externo de calidade: 4% sobre o orzamento de execución material da obra (1% obrigatorio + 3%).

d) Prazo de execución: 165 días naturais.

**TERCEIRO**.- De conformidade co establecido na cláusula 18 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.





**CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.**

**QUINTO.-** De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.

**2.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “MELLORAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS (PECHE DO CAMPO DE FÚTBOL DE OLEIROS; IMPERMEABILIZACIÓN DO POLIDEPORTIVO DE ARTES E PINTADO DA PISTA DE ATLETISMO DE A FIEITEIRA).”**

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado “Melloras en instalacións deportivas municipais (peche do campo de fútbol de Oleiros; impermeabilización do polideportivo de Artes e pintado da pista de atletismo de A Fieiteira)”, cun orzamento total de licitación de 30.225,45 euros (orzamento base: 24.979,71 euros; IVE 21%: 5.245,74 euros) e un prazo de execución de 2 meses.

O investimento foi incluído no “Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017”, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 08/06/2017, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/06/2017, co número 10.251, e que foi declarado definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/07/2017, co número 11.819.

O proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro 2016, foi aprobado por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 20/02/2017.

O expediente de contratación, por procedemento aberto con un único criterio de adxudicación (factor prezo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342.61902, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data 21/09/2017.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 187, da data 02/10/2017, no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na mesma data e no diario La Voz de Galicia na súa edición da data 20/10/2017.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito a oficina de





contratación, José Manuel Fernández Dios na data 06/11/2017 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas os seguintes licitadores:

- 1) Zona de Obra O Rosal, S.L.U.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 18/10/2017, co número 16.675
- 2) Excavaciones Nima, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/10/2017, co número 17.235.
- 3) Tarrío y Suárez, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/10/2017, co número 17.245.
- 4) Vías y Servicios Generales, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/10/2017, co número 17.373.
- 5) Excavaciones y Obras Marcos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 31/10/2017, co número 17.399, presentada a través da oficina de correos na data 27/10/2017.
- 6) Obras y Servicios Indigo, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 31/10/2017, co número 17.400, presentada a través da oficina de correos na data 27/10/2017.
- 7) Arines Obras y Proyectos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.536, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.
- 8) Construcciones Anspal, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.537, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.
- 9) Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.538, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

Unha vez realizada a apertura dos sobres "A", de documentación administrativa simplificada de cada un dos licitadores que presentaron a súa oferta a esta contratación, e logo do estudio da documentación aportada, a Mesa de Contratación, na súa reunión de data 09/11/2017, acordou:

*A.- Declarar admitidas a esta licitación ás empresas Zona de Obra O Rosal, S.L.U., Tarrío y Suarez, S.L, Vias y Servicios Generales, S.L, Arines Obras y Proyectos, S.L, por considerar que a documentación administrativa simplificada aportada é correcta.*

*B.- Requerir ós licitadores Excavaciones Nima, S.L, Excavaciones y Obras Marcos, S.L, Obras y Servicios Indigo, S.L, Construcciones Anspal, S.L, Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L, para que, no prazo improrrogable de 3 días hábiles (contado desde o día seguinte, inclusive, ó da recepción do requirimento que se lle envíe), de conformidade co artigo 81.2 do Real Decreto 1.098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e a cláusula 15 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste expediente, presenten o xustificante acreditativo de ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, regulada no artigo 6, epígrafe 7, da Ordenanza Fiscal B.1.1, por expedición de documentos administrativos, baixo apercebimento de*



| FIRMANTE - FECHA  |  | DOCUMENTO: 20180208018 |
|---|--|------------------------|
| MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 16/03/2018   | JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/03/2018 | Fecha: 16/03/2018      |
| serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/03/2018 10:08:10 |  | Hora: 10:06            |





*exclusión definitiva se no prazo concedido non proceden á emenda da documentación.*

Os requirimentos realizáronse por medio de escritos da alcaldía que se rexistraron de saída na data 24/11/2017, e que foron notificados por correo electrónico.

Unha vez rematado o prazo de emenda, e á vista da nova documentación aportada, a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 09/01/2018, acordou:

*1º) Dar por cumpridos os requirimentos de emenda dos defectos ou omisións observados na súa documentación administrativa, e declarar admitidas a esta licitación ás empresas Excavaciones Nima, S.L., Excavaciones y Obras Marcos, S.L., Construcciones Anspal, S.L. e Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.*

*2º) Declarar excluída da licitación á empresa Obras y Servicios Indigo, S.L., por non ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación.*

A continuación procedeuse pola Mesa de Contratación a celebrar o acto público de apertura dos sobres "C" (ofertas económicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, dando o resultado seguinte:

| <i>Licitador</i>                      | <i>Orzamento base<br/>(sen IVE)</i> |
|---------------------------------------|-------------------------------------|
| Zona de Obra O Rosal, S.L.U.          | 19.609,07 €                         |
| Excavaciones Nima, S.L.               | 21.272,10 €                         |
| Tarrío y Suárez, S.L.                 | 21.232,75 €                         |
| Vías y Servicios Generales, S.L.      | 18.734,78 €                         |
| Excavaciones y Obras Marcos, S.L.     | 18.747,93 €                         |
| Arines Obras y Proyectos, S.L.        | 18.367,58 €                         |
| Construcciones Anspal, S.L.           | 20.483,36 €                         |
| Oziona Soluciones de Entretenimiento, | 21.232,75 €                         |

Visto que, unha vez realizadas as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que a oferta económica presentada pola empresa "Arines Obras y Proyectos, S.L." debe ser considerada, en principio, como anormal ou desproporcionada, a Mesa de Contratación, na súa mesma reunión de data 09/01/2018, acordou requirir á citada empresa para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificase a súa oferta.

Dentro do prazo concedido a empresa "Arines Obras y Proyectos, S.L." presentou documentación para xustificar a súa oferta económica (que tivo entrada no rexistro xeral do Concello na data 19/01/2018 co número 815).

Con data 05/02/2018 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra "Melloras en instalacións deportivas municipais (peche do campo de fútbol de Oleiros;*





CONCELLO  
DE  
RIVEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*impermeabilización do polideportivo de Artes, pintado da pista de atletismo de A Fieiteira)", no que conclúe que:*

*Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considerase que na documentación presentada por Arines Obras y Proyectos, S.L. non expón motivos especialmente vantaxosos que xustifiquen a súa oferta, ó non indicar prezos dos provedores dos materiais máis importantes nin os custes fixos da forma establecida no prego, polo que non se estima debidamente xustificada a oferta presentada.*

*E segundo o exposto propón "excluír á empresa Arines Obras y Proyectos, S.L. do proceso de licitación".*

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos, vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación e vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 06/02/2018, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 08/02/2018, adoptou os seguintes acordos:

*PRIMEIRO.- Declarar excluída da licitación á empresa "Obras y Servicios Indigo, S.L.", por non ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación.*

*SEGUNDO.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 05/02/2018 e tendo en conta a documentación aportada pola empresa como xustificación da súa oferta, non considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa "Arines Obras y Proyectos, S.L.", excluíndoa, polo tanto, da licitación.*

*TERCEIRO.- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación da "Melloras en instalacións deportivas municipais (peche do campo de fútbol de Oleiros; impermeabilización do polideportivo de Artes e pintado da pista de atletismo de A Fieiteira)", do seguinte xeito:*

| Orde          | Licitador                                  | Orzamento base (sen IVE) |
|---------------|--|--------------------------|
| 1º            | Vías y Servicios Generales, S.L.           | 18.734,78 €              |
| 2º            | Excavaciones y Obras Marcos, S.L.          | 18.747,93 €              |
| 3º            | Zona de Obra O Rosal, S.L.U.               | 19.609,07 €              |
| 4º            | Construcciones Anspal, S.L.                | 20.483,36 €              |
| 5º (ex aequo) | Tarrío y Suárez, S.L.                      | 21.232,75 €              |
| 5º (ex aequo) | Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L. | 21.232,75 €              |
| 7º            | Excavaciones Nima, S.L.                    | 21.272,10 €              |

*CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a empresa "Vías y Servicios Generales, S.L.", que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba*





a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica nas cláusulas 16.1 e 12.1.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (excepto a xa presentada na documentación simplificada).

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O citado acordo foi notificado á empresa requirida por medio de correo electrónico na data 14/02/2018.

Dentro do prazo concedido a empresa "Vías y Servicios Generales, S.L." presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 27/02/2018 co número 2.596. Entre a documentación inclúese xustificante de transferencia bancaria do BBVA, de data 27/02/2018, a favor do Concello de Riveira, da cantidade de 936,74 euros en concepto de fianza do contrato.

Consta no expediente certificado de débedas expedido polo tesoureiro municipal José Antonio Rueda de Valenzuela, de data 22/02/2018, acreditativo de que "Vías y Servicios Generales, S.L." atópase ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Riveira.

Vista a proposta de contratación formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 06/02/2018.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 07/03/2018.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO.-** Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

**SEGUNDO.-** De conformidade co establecido na cláusula 16 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector



| FIRMANTE - FECHA  |  | DOCUMENTO: 20180208018 |
|---|--|------------------------|
| MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 16/03/2018   |  | Fecha: 16/03/2018      |
| JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/03/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/03/2018 10:08:10 |  | Hora: 10:06            |





Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 08/02/2018, **adxudicar o contrato para realizar as obras do proxecto de “Melloras en instalacións deportivas municipais (peche do campo de fútbol de Oleiros; impermeabilización do polideportivo de Artes e pintado da pista de atletismo de A Fieiteira)” á empresa “Vías y Servicios Generales, S.L.” (NIF número B1555923), nas seguintes condicións contractuais:**

a) **Prezo total do contrato: 22.669,08 euros (Base: 18.734,78 euros; IVE 21%: 3.934,30 euros).**

b) **Prazo de execución: 2 meses**, segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro 2016.

**TERCEIRO.-** De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

**CUARTO.-** Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

**QUINTO.-** De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.

**3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “REORDENACIÓN DA AVENIDA DO MALECÓN E PAVIMENTACIÓN DA ZONA INFANTIL DO PARQUE GARCÍA BAYÓN”.**

O Concello está a ultimar o expediente para contratar a realización das obras de REORDENACIÓN DA AVENIDA DO MALECÓN E PAVIMENTACIÓN DA ZONA INFANTIL DO PARQUE GARCÍA BAYÓN, sendo previsible que comecen no prazo de un mes aproximadamente. O departamento técnico municipal non pode asumir a execución do servizo de coordinador de seguridade e saúde da obra polo grao de especialización que require, así que é preciso contratalo externamente.

Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade da contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 26/02/2018, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas, por un prezo total de licitación de 9.680,00 euros (Base: 8.000,00 euros; IVE 21%: 1.680,00 euros).





- 2) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 02/03/2018 (número de operación 2018 22003321), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.60913.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 18.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

*"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.*

*2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."*

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Vistos os artigos 110 e 111 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.- Aprobar o expediente como contrato menor**, para a contratación do **SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA "REORDENACIÓN DA AVENIDA DO MALECÓN E PAVIMENTACIÓN DA ZONA INFANTIL DO PARQUE GARCÍA BAYÓN"**, por un prezo total de licitación de 9.680,00 euros (Base: 8.000,00 euros; IVE 21%: 1.680,00 euros).

**SEGUNDO.- Aprobar o gasto** con cargo á aplicación orzamentaria 453.60913.







**TERCEIRO.-** Que se soliciten ofertas ao menos a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

**4.- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS DEPOSITADAS POLA SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULOS.**

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada na data 05/03/2009, aprobou o expediente para contratar, polo sistema de procedemento negociado con publicidade, con varios criterios de adxudicación, a subministración, na modalidade de arrendamento (“renting”), de tres vehículos tipo furgón e un vehículo turismo con destino aos Servizos Municipais de Parques e Xardíns (2 furgóns), de Vías Públicas (1 furgón) e Servizos Xerais (1 turismo utilitario), para unha duración de 4 anos.

A adxudicación definitiva do contrato foi acordada pola Xunta de Goberno en sesión celebrada na data 04/06/2009, a favor da empresa “Caixarenting, S.A.U.”, e o correspondente contrato formalizouse en documento administrativo na data 01/07/2009.

Para responder da boa execución do contrato a empresa “Caixarenting, S.A.” depositou unha garantía definitiva por importe de 4.305,14 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 27/05/2009 (nº de operación 2009 33004349), polo aval de La Caixa, da data 25/05/2009, inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 9340-03-0996221-78.

Paralelamente, con data 29/06/2009, o Concello de Riveira formalizou coa entidade “Caixarenting, S.A.” un novo contrato, formalizado en documento privado (denominado “*simulación cotización/solicitud de operación de renting*”), que tiña por obxecto a subministración dun vehículo Citroën Jumpy Combi de 8 prazas.

Para responder deste contrato a empresa “Caixarenting, S.A.” depositou unha garantía definitiva por importe de 1.384,48 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 23/07/2009 (nº de operación 2009 33006147), polo aval de La Caixa, da data 22/07/2009, inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 9340-03-1010048-57.

Na data 02/05/11 tivo entrada no Rexistro Municipal co número 5.873 o escrito de data 20/04/11 presentado por D. Jesús Moreira Goicoechea (en representación de Caixarenting) e por D. François Xavier Castille (en representación de Arval Service Lease), polo que comunican ao Concello que ambas entidades, por medio de contrato da data 29 de decembre de 2010, acordaron a transmisión da rama de actividade consistente no arrendamento de vehículos, de Caixarenting S.A. a favor de Arval Service Lease S.A., subrogándose esta última en cantos dereitos e obrigas dimanantes da mesma, de acordo co disposto no artigo 202.4 da LCSP. Esta cesión abrangue por tanto os dous contratos de renting existentes entre o Concello e Caixarenting S.A. O Concello tomou razón da cesión mediante decreto da data 01/12/2011.





Como consecuencia do anterior, Arval Service Lease, S.A.” depositou as seguintes garantías para responder do contrato:

- Por importe de 4.305,14 euros, segundo Carta de Pago da data 01/12/2011 (nº de operación 2011 33006945), polo aval de BNP Paribas, da data 01/08/2011, inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 18.919/11.

- Por importe de 1.384,48 euros, segundo aval de BNP Paribas, da data 01/08/2011, inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 18.923/11.

En execución do citado Decreto de 01/12/2011, procedeuse á devolución á empresa “Caixarenting, S.A.U.”, unicamente, do aval de La Caixa, da data 25/05/2009, número 9340-03-0996221-78, por importe de 4.305,14 euros, restando por tanto a devolución da garantía definitiva por importe de 1.384,48 euros.

Vistos os antecedentes citados, e tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución dos contratos.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, da data 05/03/2018, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 06/03/2018, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta o seguinte acordo:**

**Primeiro.-** A cancelación e devolución da garantía definitiva de 1.384,48 euros constituída por “Caixarenting, S.A.U.” (NIF A58662081), para responder da execución do contrato de “renting dun vehículo Citroën Jumpy Combi 8 prazas”.

**Segundo.-** A cancelación e devolución das garantías definitivas que se citan a continuación, constituídas por “Arval Service Lease, S.A.” (NIF A81573479), para responder da execución dos contratos que se citan en cada caso:

| Obxecto do contrato  | Importe da garantía |
|--|---------------------|
| renting de tres vehículos tipo furgón e de un vehículo turismo | 4.305,14 euros      |
| renting dun vehículo Citroën Jumpy Combi 8 prazas              | 1.384,48 euros      |

**5.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POLA EMPRESA “NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “ACCESO PEONIL Ó PARQUE DE SAN ROQUE (PASARELA PEONIL)”.**

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto “ACCESO PEONIL Ó PARQUE DE SAN ROQUE (PASARELA PEONIL)”.

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 17/09/2015, a favor da empresa “NEMESIO





ORDÓÑEZ, S.A" (NIF A-15.146.608), e o correspondente contrato asinouse na data 18/09/2015.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 4.186,94 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 16/09/2015 (nº de operación 2015.33006475), polo aval de Abanca, inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 352.068.

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 10/11/2015.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos polo arquitecto José Carlos Seoane González, como director das obras, da data 17/02/2018, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 05/03/2018 ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta o seguinte acordo:**

**A cancelación e devolución da garantía definitiva de 4.186,94 euros constituída por "NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A" (NIF A-15.146.608), para responder da execución do contrato "ACCESO PEONIL Ó PARQUE DE SAN ROQUE (PASARELA PEONIL)".**

**6.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POLA EMPRESA "SONENSE DE GRANITOS, S.L" PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "RUTA DE SENDERISMO E ACONDICIONAMENTO DO MIRADOR DA PEDRA DA RA".**

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto "RUTA DE SENDERISMO E ACONDICIONAMENTO DO MIRADOR DA PEDRA DA RA".

A adxudicación realizouse por Decreto da Alcaldía da data 05/10/2015, a favor da empresa "SONENSE DE GRANITOS, S.L" (NIF B-15.635.063), e o correspondente contrato asinouse na data 05/10/2015.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 6.091,22 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 01/10/2015

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 11/11/2015.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos polo arquitecto José Carlos Seoane González, como director das obras, da data 18/02/2018, e polo interventor Pablo Bao Castro,



|   |  |                               |
|---|--|-------------------------------|
| <b>FIRMANTE - FECHA</b>   |  | <b>DOCUMENTO: 20180208018</b> |
| MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 16/03/2018   |  | Fecha: 16/03/2018             |
| JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/03/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/03/2018 10:08:10 |  | Hora: 10:06                   |





da data 05/03/2018, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 6.091,22 euros constituída por “SONENSE DE GRANITOS, S.L” (NIF B-15.635.063), para responder da execución do contrato “ruta de senderismo e acondicionamento do mirador da pedra da ra”.

**7.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE AGLOMERADO DE RÚA AGRO DA AREA, TRANSVERSAL SIDREIRAS, RÚA CUBELIÑO, CAMIÑO EN CASTRO E EN PETEIRAS**

As vías nas que se pretende actuar están na actualidade moi deterioradas, con importantes zonas disgregadas que supoñen un perigo para a seguridade viaria ao soportar tráfico rodado, polo que é necesario proceder á renovación e mellora do seu pavimento.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data marzo/2018, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un prezo total de licitación de 60.376,69 euros (Base: 49.898,09 euros; IVE 21%: 10.478,60 euros), cun prazo de execución das obras de 2 meses.

Consta no expediente:

- 3) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 06/03/2018, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 4) Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 06/03/2018, en relación co artigo 125 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), no que manifesta que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que a súa contía non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 5) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 06/03/2018, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.



| FIRMANTE - FECHA   |  | DOCUMENTO: 20180208018           |
|--|--|----------------------------------|
| MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 16/03/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/03/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/03/2018 10:08:10 |  | Fecha: 16/03/2018<br>Hora: 10:06 |





- 6) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo aparelador municipal Jesús García Ramos na data 07/03/2018, no que manifesta que o trazado das vías obxecto da obra discorre en terreos clasificados polo PXOM como “rústico, núcleo rural e urbano”, e conclúe manifestando que a categoría do solo permite a obra proxectada e que non existe inconveniente en relación á normativa urbanística.
- 7) Documento contable “RC” expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 07/03/2018 (número de operación 2018 22003639), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.60991.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

*“1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.*

*2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.”*

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Vistos os artigos 110 e 111 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**





**PRIMEIRO.- Aprobar a memoria valorada** redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data marzo/2018, para as obras de **Aglomerado de rúa Agro da Area, transversal Sidreiras, rúa Cubeliño, camiño en Castro e en Peteiras**, cun prezo total de licitación de 60.376,69 euros (Base: 49.898,09 euros; IVE 21%: 10.478,60 euros), cun prazo de execución das obras de 2 meses.

**SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.**

**TERCEIRO.- Aprobar o gasto** con cargo á aplicación orzamentaria 453.60991.

**CUARTO.-** Que se soliciten ofertas ao menos tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

**8.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE PARCELA PARA O APARCADOIRO DISUASORIO EN CUBELIÑO.**

O Concello de Riveira ten alugada unha parcela na zona de Cubeliño co fin de empregala como espazo de aparcamento público. Para isto é necesario acondionala previamente para que poidan circular os vehículos.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data marzo/2018, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un prezo total de licitación de 25.430,82 euros (Base: 21.017,21 euros; IVE 21%: 4.413,61 euros), cun prazo de execución das obras de 1 mes.

Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 06/03/2018, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2) Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 07/03/2018, en relación co artigo 125 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), no que manifesta que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que a súa contía non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 3) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 07/03/2018, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.





- 4) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo aparelador municipal Jesús García Ramos na data 07/03/2018, no que manifesta que o trazado da vía obxecto da obra discorre en terreos clasificados polo PXOM como “urbano”, e conclúe manifestando que a categoría do solo permite a obra proxectada e que non existe inconveniente en relación á normativa urbanística.
- 5) Documento contable “RC” expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 08/03/2018 (número de operación 2018 22003670), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.60990.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSF establece:

*“1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.*

*2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.”*

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Vistos os artigos 110 e 111 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSF, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSF.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**





**PRIMEIRO.- Aprobar a memoria valorada** redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data marzo/2018, para as obras de **Acondicionamento de parcela para aparcamento disuasorio en Cubeliño**, cun prezo total de licitación de 25.430,82 euros (Base: 21.017,21 euros; IVE 21%: 4.413,61 euros), cun prazo de execución das obras de 1 mes.

**SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.**

**TERCEIRO.- Aprobar o gasto** con cargo á aplicación orzamentaria 453.60990.

**CUARTO.-** Que se soliciten ofertas ao menos tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

**9.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA ESPECIALIZADA PARA O SOPORTE NA REDACCIÓN DE PROXECTOS”.**

O departamento técnico do Concello de Riveira non dispón de persoal especializado suficiente como para dar resposta inmediata ás inminentes actuacións incluídas no proxecto *+Riveira Atlántica 2020*, polo que é preciso contratar os servizos dunha asistencia técnica especializada que permita axilizar a definición e alcance das actuacións a realizar en materia de eficiencia enerxética, lumínica, ordenación viaria e tecnoloxías da información.

Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade da contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 26/02/2018, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2) Prego de prescricións técnicas redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 28/02/2018, cun orzamento total de licitación de 60.493,95 euros (Base: 49.995,00 euros; IVE 21%: 10.498,95 euros), para un prazo de duración de 21 meses.
- 3) Documento contable “RC” expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 07/03/2018 (número de operación 2018 22003669), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 151.22706 (anualidade 2018).
- 4) Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con un único criterio de adxudicación (prezo máis baixo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 07/03/2018.
- 5) Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 07/03/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 6) Informe de fiscalización previa emitido polo interventor Pablo Bao Castro na



| FIRMANTE - FECHA  |  | DOCUMENTO: 20180208018 |
|---|--|------------------------|
| MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 16/03/2018   |  | Fecha: 16/03/2018      |
| JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/03/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/03/2018 10:08:10 |  | Hora: 10:06            |







data 07/03/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establecen os artigos 10 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).

Vistos os artigos 110, 115 e 116 do TRLCSF.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSF.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación do **“servizo de asistencia técnica especializada para o soporte na redacción de proxectos”**, cun orzamento total de licitación de 60.493,95 euros (Base: 49.995,00 euros; IVE 21%: 10.498,95 euros), para un prazo de duración de 21 meses.

**SEGUNDO.- Aprobar o gasto** con cargo á aplicación orzamentaria 151.22706 (anualidade 2018).

**TERCEIRO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas** redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 28/02/2018.

**CUARTO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares** que rexerá a contratación, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas, na data 07/03/2018.

**QUINTO.-** Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación.

**SEXTO.-** Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, en relación co establecido no artigo 178.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a adxudicación realizarase previa solicitude de ofertas, ao menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

#### **10.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE MELLORA DE ACCESIBILIDADE NA PORTA DO SOL.**

O Concello de Riveira ven realizando nos últimos anos numerosas obras co fin de eliminar barreiras arquitectónicas e de mellorar a accesibilidade nas rúas da cidade. Con este mesmo obxecto propónse a reordenación da Porta do Sol, eliminando as zonas de escaleiras existentes para facilitar a circulación en toda a praza a persoas con mobilidade reducida.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data marzo/2018, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un prezo total de licitación de 20.604,97 euros (Base: 17.028,90 euros; IVE 21%: 3.576,07 euros), cun prazo de execución das obras de 1 mes.





Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 07/03/2018, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2) Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 07/03/2018, en relación co artigo 125 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), no que manifesta que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que a súa contía non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 3) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 07/03/2018, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 4) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 08/03/2018 (número de operación 2018 22003671), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.60922.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

*"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.*

*2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."*

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra





representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Vistos os artigos 110 e 111 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.- Aprobar a memoria valorada** redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data marzo/2018, para as obras de **Mellora de accesibilidade na Porta do Sol**, cun prezo total de licitación de 20.604,97 euros (Base: 17.028,90 euros; IVE 21%: 3.576,07 euros), cun prazo de execución das obras de 1 mes.

**SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.**

**TERCEIRO.- Aprobar o gasto** con cargo á aplicación orzamentaria 453.60922

**CUARTO.-** Que se soliciten ofertas ao menos tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

#### IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 01/03/2018 **“Decreto: Aprobación do expediente de contratación do “Servizo de mantemento dos campos de fútbol de céspede artificial da Tasca en Aguiño, da Trinidad en Oleiros e da Guía en Carreira””**.

#### V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

##### 1.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR INSTALACIÓN DE TEMPADA EN TERREO DE TITULARIDADE MUNICIPAL - MANUEL A. SOUSA FERNÁNDEZ

Visto o asunto de referencia e tendo en conta os seguintes

##### 1. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada en data 25 de maio de 2017, acordou adjudicar os postos que se indican a continuación para instalacións de tempada en terreos de titularidade municipal na tempada verán





2017 (meses de xuño, xullo, agosto e setembro), nas condicións e coas obrigas que se indican no artigo 9 do prego reitor do expediente:

| PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN         | POSTO | CANON OFERTADO |
|----------------------------------|-------|----------------|
| D. Manuel Andrés Sousa Fernández | Touro | (...)          |

Manuel A. Sousa Fernández presentou un escrito no Rexistro Xeral deste Concello, de data 19 de febreiro de 2018 (entrada núm. 2.148), mediante o que solicita a devolución da fianza de 500,00 € que depositou en metálico ao Concello de Riveira. A solicitude non incorpora a documentación prevista no artigo 9.1.a) do PREGO DE CONDICIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE CATRO POSTOS PARA INSTALACIÓNS DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NA TEMPADA DE VERÁN 2017, xa que para os efectos da devolución da garantía ou fianza, o interesado ten a obriga de solicitala por escrito unha vez rematada a tempada 2017, debendo xuntar necesariamente un certificado da entidade bancaria da conta onde se vai transferir.

Mediante escrito de data 26 de febreiro de 2018 requiríuselle ao interesado a emenda de documentación outorgándolle un prazo de dez (10) días para corrixir a falta.

Mediante escrito de data 6 de marzo de 2018 o interesado achega a documentación requirida:

- *Certificado/informe da entidade bancaria da conta onde se vai transferir o importe da devolución solicitada.*

Informe favorable emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 6 de marzo de 2018, a raíz de visita de comprobación efectuada ao lugar de localización da instalación denominada “posto Touro-Punta Touro”.

Informe de fiscalización previa e limitada emitido polo Interventor do Concello de Riveira ao respecto da solicitude de devolución, de data 7 de marzo de 2018, favorable.

## 2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Establece o artigo 9 do PREGO DE CONDICIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE CATRO POSTOS PARA INSTALACIÓNS DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NA TEMPADA DE VERÁN 2017, reitor do procedemento, ao respecto das obrigas dos adxudicatarios, o seguinte: “*Sen prexuízo doutras obrigas que neste prego se establecen, os adxudicatarios teñen as seguintes obrigas:*”

1) *Económicas.- O pago do canon de adxudicación mediante domiciliación bancaria no prazo de 10 días dende que adquira firmeza a adxudicación do posto (e no seu caso do canon complementario de 1.500 € no caso de incumprimento do compromiso de instalación dunha caseta de madeira consonte á cláusula 6ª deste prego), estarán obrigados a:*

a) *Prestar unha fianza por importe de:*





1.000 €, no caso do posto núm. 2 de Coroso.

500 €, nos restantes postos (posto núm. 1 de Coroso, posto núm. 1 de Touro-Punta Touro e posto núm. 1 de Ameixida).

Para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias. A tal efecto, a garantía ou fianza estará constituída pola cantidade depositada na Tesourería do Concello. Para os efectos da devolución desta cantidade, o interesado ten a obriga de solicitala por escrito unha vez rematada a tempada 2017, debendo xuntar necesariamente un certificado da entidade bancaria da conta onde de vai transferir. (...)

10) De conformidade co establecido no artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.

Extinguida a autorización, o titular está obrigado a retirar fóra da zona de servidume de costas e fóra do dominio público municipal as instalacións correspondentes no prazo de dez (10) días, cando así o determine a administración competente e, en todo caso, ao final da tempada, así como a restaurar a realidade física alterada. (...)"

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 08/03/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a cancelación e devolución da garantía definitiva polo importe de 500,00 € que Manuel A. Sousa Fernández, 52.933.046-H, depositou en metálico no Concello de Riveira en data 15 de maio de 2017.

## 2.- CESIÓN DE USO EN RÉXIME DE PRECARIO DO CENTRO CULTURAL DE CORRUBEDO Á ASOCIACIÓN CULTURAL AULAS LEDICIA.

**VISTA** a solicitude realizada por Ricardo Antelo Santiago en representación da **Asociación Cultural Aulas Ledia**, de data 27/02/2018 (Número de solicitude 2.344) para a cesión do uso do Centro Cultural de Corrubedo para destinalo a sede social da dita asociación e poder celebrar nesas instalacións diferentes actividades culturais e formativas sen ánimo de lucro.

**CONSIDERANDO** que o que se plantexa é unha cesión gratuíta dun ben inmovible e que de acordo co art. 106.1 da Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas sería posible legalmente ceder o uso dun ben municipal (neste caso de maneira gratuíta), co que nos encontramos co contrato denominado contrato de comodato, que se recolle nos artigos 1.740 e seguintes do CC, que é posible definilo como o préstamo de uso dun ben ou unha cousa non funxible, polo cal o comodante (neste caso Concello), conserva a propiedade da cousa prestada e o comodatario adquire o uso da mesma sen pagar por elo.





**CONSIDERANDO** que non se prevén un prazo predeterminado de cesión polo que se acudirá á costume da terra para determinar aquel uso e, en defecto desta, a duración queda ao arbitrio do comodante que poderá reclamarla á súa vontade.

**CONSIDERANDO** que de acordo co artigo 8.2 da citada Lei 33/2003, no básico en todo caso, a xestión dos bens patrimoniais deberá contribuír ao desenvolvemento das distintas políticas públicas en vigor.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Primeiro.-** Ceder o uso en réxime de precario á **Asociación Cultural Aulas Ledia** do ben inmovible público municipal, Centro Cultural de Corrubedo, para destinalo a sede social da dita asociación e poder celebrar nesas instalacións diferentes actividades culturais e formativas sen ánimo de lucro

**Segundo.-** En todo caso a citada cesión se resolverá de forma inmediata cando a Corporación precise para os fins que lle son propios o ben obxecto de cesión.

**Terceiro.-** O cesionario se compromete en todo caso a manter o ben obxecto de cesión en perfectas condicións e a restituílo, cando proceda, nas mesmas que lle foi entregado.

**Cuarto.-** Facúltase ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

#### VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **M<sup>a</sup> del Carmen Lojo Sampedro e Emilio Franco Mariño**, de datas 01/12/2017 e 19/01/2018 (Rexistros de entrada nº 19.906 e 823), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa, construcción anexa destinada a garaxe e muro de peche de parcela, no lugar de Listres s/n, Aguiño, Riveira en parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 15074A02202083000KX.

**A Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 23/01/2018, visto o informe técnico emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 02/03/2018, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral



| FIRMANTE - FECHA  |  | DOCUMENTO: 20180208018 |
|---|--|------------------------|
| MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 16/03/2018   |  | Fecha: 16/03/2018      |
| JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/03/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/03/2018 10:08:10 |  | Hora: 10:06            |





Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 06/03/2018, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- CONCEDER** á Sra. M<sup>a</sup> del Carmen Lojo Sampedro e ao Sr. Emilio Franco Mariño **LICENZA DE OBRAS (Nº 12/18)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, CONSTRUCCIÓN ANEXA DESTINADA A GARAXE E MURO DE PECHER DE PARCELA**, no lugar de Listres s/n, Aguiño, Riveira en parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 15074A02202083000KX, nos termos do Proxecto Básico de xaneiro de 2018 e do Anexo modificado ao Proxecto Básico e Anexo que describe as obras ordinarias de urbanización de xaneiro de 2018 redactados pola Sra. Guadalupe Patiño Abuin (arquitecto col. nº 3.229) e Sr. Manuel González González, (arquitecto col. nº 3.145):

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.
- Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público da zona afectada por aliñacións**, (segundo o Arquitecto e a Enxeñeira Municipal superficie de parcela de cesión na franxa sita ao longo do vial, **refléxase unha superficie de cesión en total de 64,05 m<sup>2</sup>**), e completar a dotación de **servicios mínimos urbanísticos** previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 596,81 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.

**SEGUNDO.-** En relación ao peche de parcela:

- **CONDICIÓN DE ALIÑACIÓN:** Respetarase obrigatoriamente os retranqueos establecidos polo Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, debéndose respetar un retranqueo de 4 metros o eixo da vía e respetándose en todo caso un retranqueo de 5 m. de cauces públicos..

**TERCEIRO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**CUARTO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).





**QUINTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarse a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*







- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

**SIXTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade. artigo

**SEXTO.-** Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- Finalidade da actuación e uso a que se destinará.





- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**SÉTIMO.-** Establece o artigo 366 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro respecto as parcelacións urbanísticas:

Considerarase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación (artigo 148 da LSG).

Para estes efectos, son parcelacións urbanísticas todas as divisións ou segregacións de terreos cando, con independencia da clase de solo no que se pretendan realizar, teñan como obxectivo levar a cabo ou facilitar os actos de utilización propios do solo urbano e a implantación de obras propias deste solo, por razón das características físicas dos terreos afectados, da súa delimitación por viais existentes ou de nova creación, da implantación de servizos urbanísticos ou das características das obras descritas na operación de división.

Artigo 367. División e segregación de predios en solo rústico

No solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente (artigo 149 da LSG).

**OITAVO.-** O artigo 368, define o réxime de parcelacións e divisións de terreos:

1. Non se poderá efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibida en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas (artigo 150.1 da LSG).





2. Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituír un novo (artigo 150.2 da LSG).

3. Serán indivisibles as parcelas edificables conforme unha relación determinada entre superficie do solo e superficie construíble cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no punto anterior (artigo 150.3 da LSG).

4. En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e deste regulamento (artigo 150.4 da LSG).

5. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento (artigo 150.5 da LSG).

O previsto neste punto debe entenderse consonte o previsto nos artigos 30 e 36 deste regulamento para o solo urbano e o solo de núcleo rural, respectivamente.

6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación (artigo 150.6.a) da LSG).
- b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas (artigo 150.6.b) da LSG).
- c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe (artigo 150.6.c) da LSG).

7. Os notarios e rexistradores da propiedade exibirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade (artigo 150.7 da LSG).

8. Polo que se refire aos complexos inmobiliarios ou á construción de predios en réxime de propiedade horizontal aplicarase o disposto na lexislación estatal vixente.

**NOVENO.-** O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

**DÉCIMO.-** Establece o artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido dla Lei do Solo e Rehabilitación Urbana a obriga de inscrición de determinados actos administrativos no Rexistro da Propiedade.

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo



| FIRMANTE - FECHA  |  | DOCUMENTO: 20180208018 |
|---|--|------------------------|
| MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 16/03/2018   |  | Fecha: 16/03/2018      |
| JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/03/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/03/2018 10:08:10 |  | Hora: 10:06            |







órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Sr. Jesús García Ramos con sinatura dixital de data 6 de febreiro de 2018 no que analiza en sentido favorable a agrupación e posterior segregación de parcelas solicitada, e Visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 28/02/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- CONCEDER** á entidade CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014 S.L. a **LICENZA DE AGRUPACIÓN E POSTERIOR SEGREGACIÓN DE PARCELAS (Nº 3/18)** sitas na Rúa Cordieiro nº 17 - (sin número) - nº 19 - nº 21, Riveira, nos termos do Estudio técnico de agrupación e posterior segregación de parcelas de novembro de 2017 redactado polo Sr. Emilio J. Domínguez Rodríguez (enxeñeiro da edificación col. nº 2.633), do seguinte xeito:

- **PARCELAS INICIAIS:**
- **PARCELA A:** Propiedade de CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014 S.L. (CIF B-70436605), con refª catastral nº 0618403NH0101N0001WF de acordo coa documentación catastral conta cunha superficie de 311,00 m<sup>2</sup>, que linda: Norte Rúa Cordieiro; Sur parcela con refª catastral nº 0618404NH0101N0001AF; Leste parcela con refª catastral nº 0618404NH0101N0001AF; Oeste parcela con refª catastral nº 0618402NH0101N.
- **PARCELA B:** Propiedade de CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014 S.L. (CIF B-70436605), con refª catastral nº 0618404NH0101N0001AF de acordo coa documentación catastral conta cunha superficie de 525,00 m<sup>2</sup>, que linda: Norte Rúa Cordieiro; Sur parcela con refª catastral nº 0618427NH0101N0001EF; Leste parcelas con refª catastral nº 0618405NH0101N0001BF e co nº 0618406NH0101N0001YF; Oeste parcelas con refª catastral nº 0618403NH0101N0001WF e co nº 0618402NH0101N.
- **PARCELA C:** Propiedade de CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014 S.L. (CIF B-70436605), con refª catastral nº 0618405NH0101N0001BF de acordo coa documentación catastral conta cunha superficie de 106,00 m<sup>2</sup>, que linda: Norte Rúa Cordieiro; Sur parcela con refª catastral nº 0618406NH0101N0001YF; Leste parcela con refª catastral nº 0618406NH0101N0001YF; Oeste parcela con refª catastral nº 0618404NH0101N0001AF.
- **PARCELA D:** Propiedade de CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014 S.L. (CIF B-70436605), con refª catastral nº 0618406NH0101N0001YF de acordo ca documentación catastral conta cunha superficie de 168,00 m<sup>2</sup>, que linda: Norte parcela con refª catastral nº 0618405NH0101N0001BF e Rúa Cordieiro; Sur camiño público e parcelas con refª catastral nº 0618426NH0101N0001JF e nº 0618427NH0101N0001EF; Leste parcelas con refª catastral nº 0618407NH0101N0001GF e nº 0618426NH0101N0001JF;





Oeste parcelas con refª catastral nº 0618405NH0101N0001BF e co nº 0618404NH0101N0001AF.

- **A PARCELA RESULTANTE TRAS A AGRUPACIÓN DAS CATRO PARCELAS** ten unha superficie de 1.156,28 m<sup>2</sup> que posteriormente **SE SEGREGA RESULTANDO FINALMENTE CATRO PARCELAS DO SEGUINTE MODO:**
- **PARCELA RESULTANTE 1ª:** En dita parcela atópase construído un edificio ao amparo da licenza de obra nº 358/09 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 28 de maio de 2009, que conta con licenza de primeira ocupación concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 14 de maio de 2015, que segundo medición realizada e contemplada no Proxecto conta cunha superficie neta de 371,35 m<sup>2</sup>, que linda: Norte Rúa Cordieiro; Sur parcela 3ª e 4ª resultante da segregación; Leste parcela 2ª resultante da segregación; Oeste finca nº 27 Rúa Cordieiro refª catastral nº 0618402NH0101N.
- **PARCELA RESULTANTE 2ª:** En dita parcela atópase construído un edificio ao amparo da licenza de obra nº 466/09 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 1 de outubro de 2009, que conta con licenza de primeira ocupación concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 9 de xullo de 2015, que segundo medición realizada e contemplada no Proxecto conta cunha superficie neta de 123,36 m<sup>2</sup>, que linda: Norte Rúa Cordieiro; Sur parcela 4ª resultante da segregación, parcela con refª catastral nº 0618426NH0101N0001JF, finca Rúa Cordieiro nº 13 con refª catastral nº 0618425NH0101N e vía pública; Leste finca nº 15 Rúa Cordieiro refª catastral nº 0618426NH0101N0001JF; Oeste Sur parcela 1ª resultante da segregación.
- **PARCELA RESULTANTE 3ª:** En dita parcela atópase construído un edificio ao amparo da licenza de obra nº 106/12 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 16 de maio de 2012, que conta con licenza de primeira ocupación concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 25 de xaneiro de 2018, que segundo medición realizada e contemplada no Proxecto conta cunha superficie neta de 337,61 m<sup>2</sup>, que linda: Norte parcela 1ª resultante da segregación; Sur Rúa Canarias; Leste parcela 4ª resultante da segregación; Oeste finca nº 27 Rúa Cordieiro refª catastral nº 0618402NH0101N.
- **PARCELA RESULTANTE 4ª:** En dita parcela non se atopa edificación algunha, e segundo medición realizada e contemplada no Proxecto conta cunha superficie bruta de 139,92 m<sup>2</sup>, unha superficie neta de 121,42 m<sup>2</sup> e unha superficie de cesión de 18,50 m<sup>2</sup> que linda: Norte parcela 1ª e parcela 2ª resultante da segregación; Sur Rúa Canarias; Leste parcela con refª catastral nº 0618426NH0101N0001JF; Oeste parcela 3ª resultante da segregación.
- **SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, que segundo o arquitecto técnico e a enxeñeira municipal comprende unha superficie total



| FIRMANTE - FECHA   |  | DOCUMENTO: 20180208018           |
|--|--|----------------------------------|
| MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 16/03/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/03/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/03/2018 10:08:10 |  | Fecha: 16/03/2018<br>Hora: 10:06 |





*de cesión de 18,50 m<sup>2</sup> resultando na franxa sita na parcela resultante 4<sup>a</sup>, o resto das superficies antes referenciadas nas parcelas resultantes 1<sup>a</sup>, 2<sup>a</sup> e 3<sup>a</sup> son netas xa que as cesións xa foron materializadas anteriormente.*

**SEGUNDO.-** En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, e ao 29 do Real Decreto 29 1093/1997 de 4 de xullo polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da lei hipotecaria sobre inscrición no rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, que segundo o arquitecto técnico e a enxeñeira municipal comprende unha superficie total de cesión de 18,50 m<sup>2</sup> resultando na franxa sita na parcela resultante 4<sup>a</sup>, o resto das superficies antes referenciadas nas parcelas resultantes 1<sup>a</sup>, 2<sup>a</sup> e 3<sup>a</sup> son netas xa que as cesións xa foron materializadas anteriormente.

Asimesmo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

**TERCEIRO.-** O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

**CUARTO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





#### XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito remitido pola **Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, de data 23/02/2018 (Rexistrado de saída en data 26/02/2018 co nº 20145/RX290958), e rexistrado de entrada en data 02/03/2018 co nº 2.750, no que solicita a designación dun representante do concello para formar parte da comisión de escolarización do Concello de Riveira para o vindeiro curso 2018-19.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Designar como representante do concello para formar parte da comisión de escolarización do Concello de Riveira para o vindeiro curso 2018-19 á Concelleira Delegada de Educación, M<sup>a</sup> Herminia Pouso Maneiro
- b) Dar traslado deste acordo á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

#### RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE ARRENDAMENTO DUNHA FINCA PROPIEDAD DE DONA M<sup>a</sup> FLORA VIDAL RAMA CO FIN DE DESTINALA A APARCADOIRO MUNICIPAL.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes

#### ANTECEDENTES DE FEITO

**1º** Por Providencia da Alcaldía do 19/02/2018 resolvese incoar o procedemento para o arrendamento dunha parcela, sita na rúa Buenos Aires, parroquia de Corrubedo, propiedade de dona M<sup>a</sup> Flora Vidal Rama, e coa referencia catastral **4439210MH9143N0001SZ**, así como declarar que a necesidade pública que se pretende satisfacer é a de aparcadoiro municipal, e solicitar os informes





preceptivos co fin de completar o expediente e elevalo ao órgano competente para a súa resolución.

**2º.-** En comparecencia persoal da interesada, esta manifesta que as cláusulas do contrato de aluguer serían as seguintes:

- a) Disponibilidade inmediata da propiedade se houbera unha oferta de venda que satisfixera os intereses da propietaria.
- b) A parte arrendataria (Concello) faise directa e exclusivamente responsable de cantos danos poidan ocasionarse a terceiras persoas ou cousas, e sexan consecuencia directa ou indirecta do negocio instalado, do mal uso do mesmo, e da actuación dos empregados e dos usuarios do mesmo, eximindo de toda responsabilidade á propiedade por ditas causas.
- c) A contía será de 4.000 euros ao ano, repartidos en 1.000 euros cada tres meses.
- d) A duración do contrato será ata o final da lexislatura, é dicir, 18 meses.
- e) A propiedade será devolta nas mesmas condicións na que foi entregada.

**3º** Na data 23/02/2018, o arquitecto municipal emite informe de taxación do valor da parcela, así como da valoración do prezo de aluguer da mesma.

Na mesma data, o arquitecto municipal emite informe de idoneidade da finca cuxo arrendamento se pretende.

**4º** Así mesmo, consta no expediente a seguinte documentación:

- Copia simple do DNI de dona M<sup>a</sup> Flora Vidal Rama.
- Copia dos datos catastrais do inmovible.
- Copia da escritura de pacto de mellora, autorizada polo Notario de A Pobra do Caramiñal, dona Lucía Pol Domínguez, na data 13/11/2017, co número 857 de protocolo.

**5º** Na data 06/03/2018, en comparecencia persoal ante o concelleiro da parroquia de Corrubedo, Antonio Freire Brión, a Sra. Vidal Rama manifesta verbalmente que cede o uso da parcela antes referida ao Concello de Riveira para aparcadoiro municipal, de forma gratuíta, é dicir, sen cobrar ningunha prestación económica, incidindo en que a duración do contrato será unicamente polo tempo que resta para o final do mandato desta Corporación Municipal.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do





Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** O cambio das condicións para a disposición da parcela por parte do Concello, trae como consecuencia que o que comezou sendo un expediente de arrendamento da mencionada parcela, remate como unha cesión de uso gratuíta da propiedade a esta Administración local.

Polo tanto, a lexislación aplicable ven determinada, ó meu entender por analogía, nos seguintes artigos:

- Artigo 270 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, que dispón: *"1. As entidades locais terán capacidade xurídica plena para adquirir e posuír bens de tódalas clases e exercita-las accións e os recursos procedentes en defensa do seu patrimonio. 2. As entidades locais teñen a obriga de exercer-las accións que cumpran para a defensa dos seus bens e dereitos."* No mesmo sentido se expresa o artigo 9 apartados 1 e 2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

- Artigo 271 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, que dispón: *"As corporación locais poden adquirir bens e dereitos: a) Por atribución da lei; b) A título oneroso por exercicio ou non da facultade de expropiación; c) Por herdanza, legado ou doazón; d) Por prescripción; e) Por ocupación; f) Por calquera outro modo lexítimo conforme o ordenamento xurídico."* No mesmo sentido se expresa o artigo 10 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

- Artigo 273 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, que dispón: *"1. A adquisición de bens a título gratuíta non estará suxeita a restrición ningunha. Non obstante, se a adquisición levase anexa algunha condición ou modalidade onerosa, só poderán aceptarse os bens logo de expediente no que se acredite que o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire. 2. A aceptación de herdanzas entenderase a beneficio de inventario."* No mesmo sentido se expresa o artigo 12 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Os preceptos legais citados regulan a adquisición de bens ou dereitos a título gratuíta (con ou sen modalidade onerosa). O certo é que a cesión gratuíta do uso de bens de terceiros non se recolle na lexislación vixente. Aínda así, e baseándonos no principio xurídico ou aforismo de que o que pode o máis pode o menos, si é posible adquirir gratuitamente un ben, incluso baixo condicións onerosas, tamén será posible, en determinadas condicións, dispoñer soamente do seu uso.

**SEGUNDO.-** No caso que nos ocupa, trátase da posibilidade de que o Concello dispoña do uso da finca que se describe a continuación, por un tempo determinado e para un uso público de aparcadoiro, por ofrecemento da súa propietaria:





Descrición: Finca denominada "AGRO DO FALCATO", sita en Rúa Buenos Aires, parroquia de Corrubedo, municipio de Riveira, dunha superficie de 870,73 m2, que linda: fronte, Oeste, rúa Buenos Aires; de costas, Este, herdeiros de Edelmira Díaz, herdeiros de Luisa Díaz, e herdeiros de Emilio Ayaso; dereita (entrando), Sur, travesía do Falcato e en parte, herdeiros de Edelmira Díaz; e esquerda, Norte, Mª del Carmen Vidal Olveira.

Título: Escritura de pacto de mellora, autorizada polo Notario da Pobra do Caramiñal, dona Lucía Pol Domínguez, na data 13/11/2017 co número 857 de protocolo.

Inscripción: Inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ao Tomo 1160, do Libro 309 de Riveira, Folio 21, Finca número 26.296.

Referencia catastral: 4439210MH9143N0001SZ.

O ben de referencia é propiedade, de dona Mª Flora Vidal Rama, con DNI número 52.931.745-M, e domicilio en rúa Buenos Aires, nº 101, parroquia de Corrubedo, municipio de Riveira, e é precisamente a súa propietaria a que fai o ofrecemento ao Concello da posibilidade do seu uso.

Dos datos expostos resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar do contratista.

O procedemento será o regulado para a adquisición de bens a título gratuito, que, en xeral, non está suxeita a ningunha restrición (artigo 12 do RB).

A cesión de uso que estamos a tratar, non leva imposta ningunha condición de carácter oneroso, polo que non é preciso informe no que se valore o ben cedido e o valor do gravame imposto.

Agora ben, requírese formalmente a aceptación administrativa do que se ofrece, e que esa aceptación sexa realizada polo órgano municipal competente. Neste caso, a competencia para a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial corresponde ao Alcalde, cando o presuposto base de licitación non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros. Así mesmo corresponde ao Pleno a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando non estea atribuída ao Alcalde, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor (Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público), co quórum da maioría simple (artigo 47.1 LRBRL); sendo delegable o exercicio da competencia por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

Ao tratarse do préstamo dun ben ao Concello con carácter totalmente gratuito, enténdese que o órgano competente para acepta-la referida cesión gratuita de uso é a Xunta de Goberno Local, ao ter delegada a competencia do





Alcalde de adquisición de bens inmoables, en virtude do Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de reolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 07/03/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**PRIMEIRO.-** Acepta-la cesión de uso da finca coa referencia catastral *4439210MH9143N0001S*, anteriormente descrita, propiedade de dona M<sup>a</sup> Flora Vidal Rama, con DNI número 52.931.745-MD, e con suxeición ás seguintes cláusulas:

### 1ª OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a cesión de uso con carácter gratuito do inmovible denominado "AGRO DO FALCATO", sito na rúa Buenos Aires, parroquia de Corrubedo, municipio de Riveira, coa referencia catastral *4439210MH9143N0001SZ*, propiedade de dona M<sup>a</sup> Flora Vidal Rama, para o seu destino como aparcadoiro municipal durante o prazo de vixencia do presente contrato.

O contrato definido ten a cualificación de contrato privado, a teor do disposto no artigo 26 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En todo o non previsto nas cláusulas do contrato, este rexerese, en canto á súa preparación e adxudicación, con carácter preferente, pola lexislación patrimonial contida no Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e na Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, e, en canto ós seus efectos e extinción, polas normas de dereito privado.

### 2ª NECESIDADE ADMINISTRATIVA A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO

A necesidade que pretende cubrirse co contrato ven determinada pola falta de zonas de aparcadoiro no lugar no que se sitúa o inmovible obxecto do contrato, polo que a cesión de uso ten como fin destinalo referido inmovible a aparcadoiro municipal.

### 3ª PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO

A duración da cesión de uso será polo tempo que dure o mandato da Corporación Municipal constituída tras as eleccións municipais do 24 de maio de 2015, sen posibilidade de prórroga algunha, e comezará a contarse a partir da sinatura do correspondente documento de cesión de uso. A cedente poderá solicitar



| FIRMANTE - FECHA  |  | DOCUMENTO: 20180208018 |
|---|--|------------------------|
| MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 16/03/2018   |  | Fecha: 16/03/2018      |
| JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/03/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/03/2018 10:08:10 |  | Hora: 10:06            |







que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

#### 4ª DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES.

O Concello deberá comezar a usar o ben cedido e para os fins para os que se cede, no prazo máximo de dous meses, a contar a partir da sinatura do correspondente documento de cesión de uso. Se transcorrido este prazo o Concello non usa o inmovible cedido ou este se encontrara en desuso, procederá a resolución do contrato.

Esta cesión non inclúe facultades dominicais de dispoñer, arrendar ou gravar o ben cedido, pero si a obriga por parte do Concello de manter o fin para o que se cede durante o tempo de duración da cesión, e de responder da conservación da finca, que será devolta nas mesmas condicións nas que sexa cedida.

Serán de conta do Concello os gastos ordinarios que sexan de necesidade para destinar a finca ao uso pactado, así como os gastos derivados da conservación da mesma.

O cesionario responderá de cantos danos poidan ocasionarse a persoas ou bens, e sexan consecuencia do uso do inmovible para o fin para o que se cede, do mal uso do mesmo, ou da actuación de empregados municipais ou dos usuarios do inmovible, eximindo de toda responsabilidade á propietaria cedente.

Será obriga da parte cedente manter o Concello no uso e gozo pacífico do inmovible, fronte a calquera inxerencia de terceiros que o impidan.

#### 5ª MODIFICACIÓN DO CONTRATO

O contrato poderá modificarse por razóns de interese público de acordo co establecido no artigo 203 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

#### 6ª RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Dará lugar á resolución deste contrato a falta de conservación da finca, o seu uso para fins distintos, o vencemento do prazo, o desuso do ben cedido transcorridos dous meses desde a sinatura do documento de cesión, ou calquera outro motivo previsto legalmente.

A extinción por transcurso do termo convido da cesión de uso do inmovible non dará lugar a indemnización.

Se no período de vixencia do contrato de cesión de uso aparece un comprador interesado na adquisición da finca obxecto do contrato, producirase a extinción do mesmo sen dereito a indemnización. A estes efectos, o cedente comunicará ao Concello de maneira expresa a súa vontade de extinguir o contrato pola causa referida, e farano cunha antelación mínima dun mes.

As demais causas de resolución serán as previstas no Dereito Privado.

#### 7ª XURISDICCIÓN





A orde xurisdiccional contencioso-administrativo será competente para coñecer as cuestións derivadas da preparación e adxudicación do contrato.

A orde xurisdiccional civil será competente para coñecer as cuestións derivadas dos efectos e extinción do contrato.

**SEGUNDO.-** Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura dos documentos pertinentes.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo aos interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### SOLICITUDES DE SUBVENCÍONS.

1.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación, M<sup>a</sup> Herminia Pouso Maneiro**, de data 07/03/2018, en relación á Orde do 20 de febreiro, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases para a concesión de subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia (DOG nº 46, do 06/03/2018)

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Primeiro.-** Solicitar unha subvención ao abeiro da antedita orde para a dinamización da lectura.

Segundo se recolle no artigo 4, a subvención solicítase para a contratación de actividades de dinamización da lectura, das que un mínimo de dúas estean no Catálogo Ler conta moito 2018, que a Secretaría Xeral de Cultura ten á súa disposición na páxina <http://rbgalicia.xunta.gal>.

**Segundo.-** Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na citada orde.

2.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Medio Ambiente, Elvira Pereira Ageitos**, de data 05/03/2018, en relación ao *“Programa de subvencións para a limpeza de praias marítimas dirixido a Concellos da Provincia da Coruña durante o exercicio 2018”*, cuxas bases específicas foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 37 do 22/02/2018 e a *“Convocatoria do programa de subvencións para limpeza de praias marítimas dirixido a concellos da*





provincia da Coruña, durante o exercicio 2018”, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 43 do 02/03/2018.

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Presentar a seguinte solicitude de subvención: **“MA100/2018 - Convocatoria do programa de subvencións a concellos da provincia da Coruña para limpeza de praias marítimas no ano 2018”**
- Designar como **representante** do concello para a solicitude de subvención ao Sr. Alcalde, **Manuel Ruiz Rivas**.
- **Aceptar as bases da convocatoria** cos compromisos que nela se inclúen.
- **Comprometerse** a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que realice do desenvolvemento da actividade subvencionada.
- **Autorizar** á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Nomear como **representante** para as relacións desta entidade local coa Deputación Provincial da Coruña ao Sr. Alcalde do Concello de Riveira D. **Manuel Ruiz Rivas**.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

O Alcalde

**Manuel Ruiz Rivas**

Dou fe, o secretario xeral

**Juan Manuel Salguero del Valle**

